

“Primero queremos traballar sobre o escenario, os discos xa chegarán”

SÁBADO, 09 DE OCTUBRE DE 2010 00:00



REDACCIÓN > FERROL

Hai 15 anos o pianista Jorge Felpeto deulle ao cantante e guitarrista Francisco Javier Torre (Fucoxabier) unha partitura para que lle puxera letra. Hai pouco que lla entregou e xa forma parte do seu repertorio conxunto. Esa sería a historia se polo medio non pasasen tres lustros nos que Felpeto se adicou a dar clase e crear sintonías de programas de televisión e Fucoxabier pasase, tras deixar de cantar no coro Toxos e Froles, por grupos de folk locais como os Chifros e Amacuca.

O dúo presenta ás 20.30 horas na sede do

Toxos e Froles o seu novo proxecto musical que leva o nome dun dos seus integrantes, Fucoxabier. Unha proposta que parte do folk para fusionar ritmos máis actuais. “É certo que pasaron moitos anos –sostén Fucoxabier– pero a vida é así. Os dous nos adicamos ás nosas cousas e coincidimos xusto cando eu comezaba en solitario. Jorge Felpeto animouse ao verme, e a nosa proposta musical ponse a funcionar xa. Nun primeiro momento o que nos interesa é traballar sobre o escenario e, posteriormente, xa chegarán os discos, ese é o noso obxectivo máis inmediato”.

Coherencia > En canto ao seu estilo musical, Fucoxabier presenta “Digo que son cantautor pero non só facemos o que se interpreta por canción de autor. Hai folk, hai pop, hai baladas, todo heteroxéneo pero con moita coherencia cando subimos ao escenario. tamén levamos ao noso terreo temas do Proxecto Mourente, unha peza da banda sonora de “Sempre Xonxa”, ou un tema da gran Sandy Denny”.

En canto ao futuro, o guitarrista e cantante está á expectativa. “Somos un dúo e queremos probar como tal, pero non descartamos ampliar a formación no futuro”, asegura.